

A NOSA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Coste d'un número 10 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.

América, Id. 2 »

Pagos adelantados

Redacción e Administración: REGO D' AUGA, 38, 1.º

Núm. 30

A CRUÑA 10 DE SETEMBRE DE 1917

DAS NOSAS ORIENTACIÓS

PORTUGAL E GALICIA

Por BARTOLOMÉ CALDERÓN

NON é difizle atopar moitas e boas razóns en pro do comenente da unión con Portugal. A diferenza de carácter e rivalidade d'intreses que poidan asopar España de Portugal é máis pequena que a que existe entre Cataluña e Aragón, verbigracia. Os españoles en Portugal ou os portugueses en España non son tan mal tratados com'os castelás n'algúns partes do Norte e os galegos na Castela. Mas pra chegare a un bó acordo con Portugal, percísase reformare moitos malos costumes e defectos nosos.

E perciso que desaparezan dos xornás esas ideas parvas de pertender que por tere Portugal tres ou catro veces menos poboación que España, esta debe reservárese nos arreglos comerciáis benéficos na mesma proporción da poboación; é necesario que os xornás non adimitan esa literatura imbécil que lles mandan os acaparadores andaluces, extremeños, etc., pidindo que se poñan dereitos prohibitivos ós carneiros, ós porcos e ó peixe portugués, cando nosos veciños nos mercan máis do que nos venden, pois tería de sere unha medida ruinosa pr'á rexión galega, xa que esta sostén a maior parte das exportaciós españolas a Portugal.

O triste estado das relacións co'a Lusitania débémollos, principalmente no que ás dificultades aduaneiras refírese, á imprensa e a certas Cámaras de Comercio que, en contra da máis estreita xusticia, e en contra dos intreses da rexión galega e da alimentación pública d'España, defenderon de maneira encuberta os intreses do acaparamento que buscaba e busca unha loita de tarifas con Portugal.

Costaría caro chegarmos a un bó acordo moral e político co'a nación portuguesa, si dentro d'España non se da o exemplo da tolerancia e da fraternidade. O p'ô mesto que s'ergueu fai pouco en España con motivo do insiño relixioso e a liberdade de cultos, refrexa un estado d'esprito que axuda

pouco pra chegar a un franco e íntimo acordo con Portugal. Nosos xornás patrioteiros, as gacetas do noso quixotismo levaron a ridicolez deica facer unha campaña contra dos catalás porque istes dábanlles o insiño do

O importante xornal de Lisboa, *O Século*, no número do 8 d'Agosto, publicou en lugar perante da primeira páxina, a seguinte poesía que damos a coñecer, na seguridade de que chamará moito a atención dos nosos lectores e terá de ser ouxeto de comentarios.

A GALIZA

A MODO DE VELHO CANTAR

Que Castela e castellanos
todos n-un monton, a cito,
non valen o que unha erbiña
destes nosos campos bellos.

(Trova galega).

O' Galiza, Galiza dos verdes prados,
tan irmãos dos nosos, por Deus abençoados,
—deixa Castela e vem a nós!

O' Galiza, Galiza dos campos froridos,
por Deus abençoados, por vos tam queridos,
—deixa Castela e vem a nós!

O' velha Galiza dos cantares amados,
tan irmãos dos nosos, tam bem suspirados,
—deixa Castela e vem a nós!

Galiza soidosa dos cantares sentidos,
se estan longe «d'eles», vem aos teus amigos,
—deixa Castela e vem a nós!

ALFONSO LOPES VIEIRA.

«Padre nuestro» ós nenos no idioma de seu. Dende que se perderon as colonias, nas que os nosos patrioteiros centralistas exercían con fereza ise instinto de dominación, de asoballamento e de fanatismo político que tan bós froitos dou, a expansión rexional recebeu novos griletes. A primeira garantía de respecto ós dereitos de Portugal, tería de ser o amostarlle que sabemos respetare os dereitos e as areias das nosas propias rexións. A primeira medida que impónse a un

Goberno español culto e patriota, é facer por conservar o catalán e o basco. A cousa millor e máis natural pra chegar a unha íntima unión con Portugal tería de ser o fomento por todol-os meios posibles da lingua galega, non soio restaurando canto se puidera seu valor literario e histórico, senon desenrolándoa baixo unha forma práctica pra servir de n'ô, de xuntanza intelectual e económica con Portugal.

Na Francia centralista, eiquí tan imitada, o rexionalismo está erguendo a cabeza apoiado até pol-os mesmos ministros que decátanse que a autonomía rexional é percisa pr'ô desenvolvimento económico do país e que o centralismo é o máis cativo enemigo.

Eu dígovos, irmãos galegos, que a ocasión e úneca pra coller a pelota ó voo presentar as rivendicaciós a que nos dan dereito as condicións etnográficas, lingüísticas, etcétera, da rexión, e sóbor de todo pra estudar a fondo noso rexionalismo económico, pois d'il depende a vida e o porvir. Noso porvir de galegos, querámolo ou non, está íntimamente ligado a Portugal e si da guerra europea ha nacer un esprito de respecto hacia ás condicións naturás de cada unidade etnográfica, de cada raza, si o noso salvaxe centralismo se propón, en súpeta conversión, tratar en amiga e irmá a Portugal, non hai razón pra que Galicia siga sendo a escrava e a exprotada escandalosamente.

Nosa triste historia colonial damos dereito a levarmos ó esceiticismo e a dúbida máis ausoluta en materia de proieutos, de respecto ós dereitos e ás eisixencias das condicións naturás das rexións. Nada pérdese en pedire algo n'ista ocasión do moito ó que temos dereito no respecto e o apoio ás tradicións da nosa lingua e nosos costumes, empodrecidos pol-o chulismo e o quixotismo idiota d'outras partes. Nada pérdese en lembrar que a nosa economía rural morre afogada pol-o Arancel e o acaparamento cerealista;

que nosos portos piden a berros un pouco d'autonomía, etc., e si ô mesmo tempo puidéramos consiguire que o nome de galego non sintelizase na maior parte d'España, particularmente en Madrí, canto o home ten de baixo e despreciabre; si puidéramos consiguire que os traballadores galegos non fosen tratados coma bestas no centro d'España e en Andalucía, corridos e apedreados coma cáns doentes pol-as estra-

das de Castela no tempo da sega, millo^r aínda.

Paris.

No próisimo boletín, publicaremos unha caricatura do xenial Castelao, que moito sentimos non poder publicar neste, por atóparese fallo de cinc o fotograbadore.

E ista nova labore que nos impoñemos, é unha das moitas *estridencias* que nos pinduran os probes d'esprito e os fallos de vontade pra levare a cabo obras d'iste xeito, na que soio arelamos o tere a satisfaiçión de haber cumprido un deber de bós fillos e bós patriotas, tratando d'engrandecere ós irmáns, e d'engrandecere á Galicia.

Protestamos mais con pena que con xenreira, de que pra un homenaxe a Alfredo Brañas—com' o que se quere facer en Cambados—estevan invitados homes como Besada e Picorete, que son inimigos da doutrina que perdicou o finado catedrático. Brañas queria o rexionalismo integral, coma nós; queria o emprego do idioma galego; queria cortes galegas; queria deica moeda galega. Foi «precursor» de Cambó. Aquiles dous «invitados» arrenegan do pensamento de Brañas.

¿Pódese, pois, dar maior ridicolez que a de chamalos pra que axuden no homenaxe? E un novo inri que se pon sóbor de Galicia.

Sigue a farsa.

¿Como non se lembraron d'invitare tamén ós caciques de Lugo? ¿Qué noxo! ¿Ou santiagueses asubiadores!

DA RIQUEZA AGRÍCOLA

A REDENZÓN LABREGA

MENTRAS o estado de cousas non nos permiten o faguere ningunha crás de propaganda nin labore pública, a Irmandade da Fala istá orgaizando unha seición qu'adica-ráse os problemas labregos, ô frente da qu'atópase persoa tan autorizada i-estuiosa coma o é noso bô irmán e segundo conselleiro don Antón Valcárcel.

N'hai dúbida qu'a principal fonte de riqueza galega é a agro-pecuaria, e qu'a ela temos qu'adicar todal-as nosas forzas e as nosas enerxías. O malestar do noso vivire pol-os rubidos prezos das subsistencias, non xa digamos agora en tempos anormaes coma os qu'estamos pasando, sinon en tempos de paz, ise malestar ten as suas fondas raíces onde todas elas arraigan: na terra.

Noso labrego, debido ô estado de descultura e desconecimentos que ten no seu traballo, arrastra unha vida penosa de verdadeiro escravo, qu'é perciso, necesario, e até caso de concencia, o dárelle luces encauzándô pol-os novos derroteiros d'adianto en que viven os labregos d'outras terras multiplicando a produción, como Bélxica, Alemania, Suiza, Estados Unidos, e outros mais Estados, en qu'os governos poñen esmerada atención ós problemas agro-pecuario-forestaes, e os non teñen n-un xeneral e com-preto abandono, com'os nosos endemal os teñen.

Ô noso labrego, hai qu'amostrarlle con números qu'as ganancias que por ganancias teñen, non son máis que perdas. Eles o non saben qu'as son, mais o que si non iñoran, é qu'as consecuencias pálpan-as. Aparte de lles señalar os males e a continuazón os remedios, hai tamén qu'acostumal-os a qu'en-xergan que si poñamos por exemplo mercan un cuxo en noventa pesetas, e ô cabo de dous ou tres meses vénden-o en cento dez, non son vinte pesetas as que teñen de ganancias com'eles coidan. Non contan qu'a mantenza do cuxo cóstalles cartos porqu'os non desembolsan; mais o rapaz qu'o leva a apastare en caso de non tere

soldada, xanta e viste tres meses; o prado que da á herba hai qu'abonal-o e coidal-o; o carro que vai ô monte pol a lousa pra faguerll'a cama, ten desgaste; o dono qu'o coida na corte e o limpa e amaña, ten que asinarse unha soldada; e toda ista serie de cousas qu'o noso labrego esquence, ten un valore en cartos que coma non desembolsa, coma xa deixamos dito, parécelle qu'o non é, e tod'ô xusga ganancia.

Iste exempro que poñemos do cuxo, outro tanto acontécelles cô demais. Son refratarios ô *Debe* e ô *Haber*, e hai qu'encariñal-os co-eles, que son base e fundamento de toda industria e de todo comercio.

Outro dos problemas a resolver co-eles, é o sistema de Cooperativas que tan bós resultados dou en Bélxica e Suiza, e qu'eiquí de chegare a impoñel-as en algunhas aldeas, han dare exempro ás outras pra qu'as secunden e imiten, ô veren na práitica seus benfeitores resultados.

Alá na fror dos meus anos....

I

Como os campos dan frociñas,
como os árbores dan sombra,
o Sol amante raiña,
o xilgaro gayas notas
e fresca auga a fontenla
rumurosa,

así dan tuas mans caricias,
os teus ollos, luz da aurora,
así teu seo ansias cegas
e tua boca
si quixeras, ben poidera
¡dal-a gloria!

II

Oh doces verbas de amores
que escoitei;

oh encantado tesouro
n'un castelo de un rey mouro,
que soñei;
oh meles enganadores
da tua boca:
¡rayos de luz, liñas d'ouro
que fiei na miña roca!

III

Namoreime da voz tua,
do teu aire e señorío:
¡e namoreime da Lua
que vin no espello do río!

J. IGLESIAS ROURA.

Cruña, Setembro 1917.

DE MIN PRA VOS

A LENDA DO XUTGLAR

N-un velo e xigantesco castelo señorial que cuberto pol-a hedra nos muros respetados pol-o tempo, erguía suas almeas ô ceo, sobor do cume mais outo da ringleira de montañas qu'arrodaban o eistenso val, durmía unha lenda d'amore, que de boca en boca e de xenerazón en xenerazón, chegada foi até os nosos días, envolvente nas ás da fantasía labrega. Era unha lenda que gardaban avarizosos coma un segredo pra contaren ô viaxeiro que por alí pasaba, e saber quería os orixens e vida d'aquél velo castelo encravado no lugare mais outo.

Vivira—según a lenda—no castelo, unha fermosa castelana que casara cō dono d'aquiles vastos dominios. Moi xoven ainda, enviudara. Seu esposo en loitas de conquista ô servizo do rei, pagara c-oa vida seu xuramento de servilo.

Dend'entón, Doña Sol, qu'eisí nomeábase a castelana, enterrárase en vida entr'os muros d'aquél castelo de gran scena pol-as rexias i-eispréndidas festas que n-il celebrábase cando vivía seu dono, e cando as armas ficaban quedas ô terminare unha nova conquista, trocand'ô en cemiterio de vivos.

Doña Sol ateigada de dôr, levaba unha vida de místico recolhimento, i-endexamais houbo quen a volvera a fitare, agás contados servidores, nin dentro nin fora do castelo. Soio na outa noite, cando a servidume durmía, atrevíase a sair a dare un paseo pol-o xardín en compañía da sua dama de confianza. Outras veces pasaba horas e horas na terraza fitando a lonxínua, cal si agardara vir chegare pol-o camiño un persoaxe imaxinativo. Preto do amaecer, rendida pol-o sono, ou cansa d'agardare a quen non viña, salaiando fortemente e lle rodando unha bagoa misteriosa fazulas abaixo, retirábase ensimismada en segredas meditacións ô seu aposento.

Dous anos levaba de viudéz a castelana, e o silencio e o recolhimento sigufan imperando no castelo coma nos primeiros días. Unha noite de luar, crara, esprendorosa, na que aperiábase os mais lixeiros detalles do paisaxe coma si ô través de cristás anaranxados en preno día de sol fora fitado, Doña Sol, soía, debuzada na baranda da terraza, cō cabelo solto, cabeleira moura e longa com'ô seu pesare, fitaba en direzón ô val, e seus labres movíanse ô falaren co-un fantástico persoaxe, ou ô muxitare unha pregaria.

Crebando o silencio da noite rubíron até ela as arxentinas e melodiosas notas d'unha canción tristeira, queixumosa, que un xutglar, ô pé do muro, preludiaba maxistralmente n'unha cítara. Dempóis, con voz queda, mais o suficiente pra que chegara â ouvidos da castelana, entonóu unha canción d'amore, tenra, sinxela, agarimosa, na qu'alternaban notas graves coma salaios e agudas coma beixos...

Sorprendida Doña Sol por aquela non pensada visita, retirouse con rapidez da baranda, xuzgando aquela voz qu'eisí crebaba a sua meditación coma un aldraxe ô seu recolhimento. ¿Quen era aquél afouto xutglar qu'eisí adicaballe cantos d'amore

na outa noite? ¿Quen era aquél ladrón da sua paz, qu'alí, non soio dentro dos seus dominios sinon ô pe do seu castelo, cárcere espiritual da sua alma, tiña o valore d'arrostral-as suas iras, das que faguíase mercedente? ¿Non sabería cicáis do seu vivire?

Alritada pol-a insistenza do xutglar, enxenrada pol-a sua oistinazón, pensóu en chamare a xente armada do castelo pra castigar-a ousadía do intruso, mais o medo ô escándalo, ô ruído, a crebantal-a paz que moraba nos seus eidos, oitóu por se retirare. O xutglar entranto siguíu tocando a cítara, que soaba leda e quexumbrosa, coma si calmare quixera as iras da castelana.

* * *

Ô día seguinte Doña Sol espertóu presa d'unha gran eicitazón nerviosa, e seu primer pensamento foi pr'o xutglar. Ainda o non chegando a vere pol-o seu lixeiro sopramento da baranda, unha forte e intensa frebe causáballe desasosego no corpo e destranquilidade na alma. Entre seu deber de dona e sua curiosidade de muller surxía unha loita no seu espírito, e un remorso fillo de dons difrentes sentires atorquesáball'a concencia pol-a debilidade de o non castigare, e a carne pol-o deseio d'o non vere.

Tempo faguía que non pasara un día tan longo, tan desteterminabre. Cada hora que pasaba, asomelláballe un século de martirio, d'ansiedade. Ô vérese bañada no seu apouso pol-as somas do entre lusco e fusco, un salaio traicionero fuxiulle da alma, e un grato sosiego de paz e quietude fóise apodeirando do seu axitado espírito, e foína sumindo n-un d'ises doces ensonos en que soio dorme a materia. Entornando as palpebras pra non espertare, sintéu as notas d'unha canción tristeira, aloumiñadora; percibéu os pasos do xutglar que chegaba quedamente onde a ela, e ousado e afouto, apreixabá pol-o ban, e os seus labres candentes cal si foran de fogo xuntábaos cōs d'ela n-un longo beixo d'amore. Cal ferida por un raio erguéuse de súpeto a castelana; aturrida e receosa d'aquél noxento ensono, saiu do aposento, e chamando as suas damas, mandounas retirare, pois ela, atopándose un pouco mal, pensaba faguel-o mesmo.

Voltóu ô seu aposento. Dirixéuse a unha imaxen da Dôrosa, e axionllóuse ante ela; pregóulle que donara un consolo ôs seus dôres de soedade, pois endexamais com'aquél día porcatárase do soia que vivía no mundo, e de qu'a imposición que fixérase de vivire alonxada da vida, íballe resultando superior âs suas forzas. Tiña medo de crebal-a sua imposición, e buscaba nos remedios do ceo os que na terra n'atopaba. Sua vountade fraqueaba; era muller, e a muller sin amore, é coma un paisaxe sin luz.

Longo tempo con meditación, sumida estivo. Erguéu a cabeza, e ô fitare a oscuridade que reinaba ô seu redor, soborcolléuse cō medo; un espasmo de terrore, sacudíu de pes a cabeza seu ben doado corpo. Levando as mans âs fazulas i-encolleita, repregándose en sí coma pra pasare sin qu'a

viran, erguéuse, e fitando atrais, fuxindo do xeito d'un delincoente, ganóu a terraza, qu'ateigada pol-o luar, fixolle folguexare âs anchas, cal si atopara unha boa compañía qu'a salvara d'un perigo imaxinario.

De contado, coma si agardaran a sua aparición, até ela chegaron os preludios da canción da noite pasada. Surríu. O xutglar, o caosante da sua desventura, estaba alí. Non sintéuse alritada ni-enxenrada coma onte. Aquela música que musitaba quedamente rogos e promesas, que falaba d'amores e de beixos, atraíã e aloumiñaba a sua alma, e daba ô seu corpo desconecida morrenza.

Asomóuse â baranda e fitóu. Ô pe do muro percibéu ô xutglar. Doña Sol, suspensa, acongoxada, limpóu co-un fino pano de seda o suor que bañaba a sua frente, e â mantenta ou casualidade, ceibóu o pano das mans, indo a caere ôs pes do namorado cantor.

A cítara, calóu. A castelana, porcatándose da sua fatalidade ou lixeireza, retirouse, encamiñándose a se sentare n-un banco qu'alí había. Cōs cóbados sobor dos xionllos e descansando a faciana nas mans, apreixaba dôrosa as fazulas, fitando fixamente o lugare fatal. ¿Ou meiga visión qu'a henchéu d'espanto!... O xutglar, o eistrano cantor, estaba alí, na baranda, pol-a parte de fora co-a cítara ô lombo. Dando un pulo caéu na terraza, e faguéndolle un reverenzoso saúdo, chegóu onde a ela, que, suxestionada pol-a audacia do cantor e pol-o ensono que momentos antes tivera, créndose ainda baixo a sua influencia, nin falóu nin portestóu.

O xutglar axionllado ant'ela, colléull'as mans e beixándo-as con ardore ô tempo que musitaba verbes d'amore qu'endexamais ouvira a castelana, ganaba terreo na conquista. Doña Sol no seu interiore loitaba por saíre d'aquél novo ensono no que surríalle a alma e choráball'a concencia. Mais un beixo que sintéu nos labres, o beixo qu'a espertara no ensono, tamén a espertóu d'aquela â realidade.

Erguéuse grave, solene, maxestuosa. Palpitándolle o seo pol-a emozón ou a xenreira, erguéu o brazo, e sinalóull'ô xutglar o sitio por onde alí viñera.

Entergóull'ô xutglar o pano que caéralle, e faguendo un novo e respetuoso saúdo, púxose a canchapernas da baranda.

—Xutglar—adevirtéull'a castelana—, eres afouto e valente; coído que vas á xogala vida ô baixare.

—Fermosa señora, si a perdo por vir a veros, e cen vidas tivera, cen veces volvería até eiquí pra volvere a perdel-a—contestóulle o xutglar.

—¿Qué Deus acompañete logol...

—E vosos ollos me guíen.

Comenzóu o xutglar o descenso apoiando pes e mans nas rendixas das pedras, e aínda ben o non fixera duas brazas, fallóulle un pé, e alá foi a estrelarse nas rocas que servían de cimentos ô muro, pagando por un beixo a vida...

E cantan os labregos que nas noites craras de luar, vese unha soma que rube pol-o muro pra caer ô pouco com'unha pelota, e que nas pedras por onde rube, hai un suco feito pol-as hedras qu'ô respetare a lenda, as non cubren.

RICARDO CARBALLAL.

DA NOSA LOITA

A SEMENTE PRENDEU

A nosa situación non cae no valdeiro. O que nós sementamos, da froito. En pouco mais d'un ano que levamos loitando pol-o resurxir da personalidade galega, imos tendo unha colleita que non agardábase. E moito superior ós nosos degoros.

O noso movemento, podemos dicir a boca chea, qu'é secundado pol-a mais outa intelectualidade galega. A cotío recibimos felicitacións pol-a nosa propaganda, e ofrecimentos valiosos pr'axudáren-nos a seguire pol-o camiño qu'emprendimos. Isto atéigá-nos de satisfacción i-enorgulécenos, porqu'a nosa aspiración persoal non é o conquistar brillo e nomadía, com'acontece na maior parte dos ideais; nosa labore é tan intensa, colectiva, coma sinxela, persoal. Cada un de nós, non é mais que unha serie d'insignificantes rodas dentadas, qu'engranadas unhas e outras, compoñen a potente e perfecta máquina patriótica *Amigos da fala*. Por iso os qu'a nós veñen con aspiracións persoas, vanse por onde viñeron, por non sere a humildade nin o sacrificio, virtudes qu'os caractericen, nin vicios sans nos que caere poden.

Pra sere un bon irmán, hai que s' esquecer de que un chámase Xan ou Pedro. Eiquí un cerebro sin alma, é coma un limón sin zume. De nós teñen de falare coma fálase d'un perciso i-esaito cronómetro: ¡Qué boa máquina tén!, sin que ninguén preocúpese das pezas qu'o compoñen. Ben comprendo que iste sacrificio non é pr'os catalogados, pr'os ilustres, pra isa cras d' homes que quixeran levare unha xanela na testa, na quo todos viran á xeito d'escaparate a lista do seu sabere, e outra xanela sobor do peito, na banda isquerda, co-as contras postas, pra que ninguén poidera lère os degoros orgullosos que no corazón acochan.

O segredo, o misterio da nosa vitoria, consiste percisamente n-iso: en que somos humildes, modestos, con poucos puxos de sabios, e moitos arrestos de cidadáns, fillos d'unha patria esfumada na deixadés das nosas concencias.

Pol-a nosa situación xuntáronse unha vez, e falan de se xuntaren outra, os deputados galegos, pra según dixeron, defendel-os intreses de Galicia no Congreso, aínda que nada fixeron nin farán; mais xuntáronse, cousa qu'endexamais fixeran. Pol-a nosa situación, ascóitase tocal-o noso himno, en pé e con relixiosidade, por mais que cando nós comenzamos a impoñel-o, chamóusenos *ridículos* e *pavorosos*. Pol-a nosa situación, vaise vendo o rexurdir galeguista no noso pobo, por meio da música e do teatro.

Pol-a nosa situación, nosos políticos, coma necesidade dos tempos, falan do rexionalismo (?), verbe que mentras nós non surximos non sabían de qu'eisistira. Pol-a nosa situación, foise formando o ambiente pra chegare á sere unha realidade a Eispósición d'arte galego, e poñer algunhos dos pintores qu'a ela concurriron, á carón da firma, coma selo da rexión, a cras de Santiago.

O froito da nosa labore, da nosa fe, da nosa costancia, vaise sentindo por Galicia enteira. A NOSA TERRA é unha mostra da nosa puxanza. A suscripción espontánea de

tod'a rexión, e sobor todo, a maior parte d'ila, da cras intelectual, aumenta. Alentos son istos que recibimos pra non esmorecer na loita comenzada, e a que baixo tan bós auspicios comenzou desenvolvéndose.

O estado de cousas porqu'atravesa hoxe España, paralizou un tanto nosos aitos de propaganda, que moitos eran os que tiñamos en carteira. Agora, praneamos, estuamos, que tempo temos pra ilo e costancia non nos falla, o que terminada ista situación nacional levaremos á práctica. E un acougo forzoso pr'a nosa labore pública, mais o laboratorio pranea e formula mitins, e unha xigantesca e formidabre Asambreia, na que tomarán parte os mais renomados prohombres da causa galeguista.

LEICIÓS DOS ISTRANOS

¡FORA ISO DA "PATRIA CHICA"!

O Sr. Goicochea, un home que non é galego, coma mantenedor dos Xogos frorás de Pontevedra, pronunciou un elocuente discurso.

N'il dóu unha boa leición a moitos enxebres de moca e pichel.

Dixo que hai duas crases de patriotismo e que «UN LINGUAXE IRRESPECTUOSO ACOSTUMA A CHAMAR A ISES DOUS PATRIOTISMOS DA PATRIA GRANDE E DA PATRIA CHICA QUE EQUIVALERÍA A CHAMAR HOME GRANDE AO CORPO, TODO E HOME CHICO AO MAIS EISCHELDO DO CONXUNTO HUMANO: AO CORAZÓN E AO CELEBRE.

Tamén loubou o idioma galego. IDIOMA, lle chamou sempre.

¡Qué dirá *La Provincia*, boletín orgaizador dos Xogos frorás, que asiñalou un premio que ficou deserto — gracias a Deus — pra un hino a Galicia, «escrito no dialecto rexional»? ¡Qué dirá *La Provincia* que adoita falar sempre da «patria chica»? ¡Qué dirá Xaime Solá que na sua novela «Anduriña» emprega a mesma frase e chega ó absurdo de escribire que os galegos somos mais españoles que galegos, botando a perder eisi todol-os literarios entusiasmos rexionalistas que dí sentire?

Ñeñor Solá: ¡vosté quere tanto ós estranos com'os seus: país, fillos e irmáns? ¡Vostede sinte o mesmo amore aceso por Andalucía, Castela, etc., que por Galicia? Si contesta co'a afirmativa, contesta unha parvada; e si contesta co'a negativa reconece o seu erro. Porque Galicia é SEMPRE; e o conxunto que forma o Estado español, non foi sempre, e pode — Deus queira que non — sufrir troques. E ha quere tanto a Castela, Andalucía, Extramadura, etc. que con Galicia forman unha xuntanza respetable, importante, comenente, pro accidental no terreo d'unha serea e outa lóxica, com'a Galicia na que é nado e que constituye unha esencia eterna e natural?

Lembrámonos d'unhas verbas que un castelán, Pérez Barreiro, escribú no *Liberal* de Madrid: «Ante o galego ou catalán arnegado que berra *eu non son galego ou ca-*

talán, senon español, temos que abotoarnos, gardar ben as chaves e recadal-a moca».

¡Moito rexionalismo de labres pra fora, e logo resulta que os estranos teñen que dárenos leiciós de bõ senso!

¡Patria chica! ¡Canto tempo fai que noso compañeiro Villar Ponte no seu libro «Nacionalismo Gallego», dixo: «Non faledes xamais de patria chica. Coidade como un aldraxe axearlle ó nome de patria un adxetivo que soio sirve pra empequenece-la.»

Pois ben: dend'agora a quen fale de «patria chica» por moi rexionalista que diga sere, chamámoslle farsante. ¡Pode querer á nai quen a alcuma?

Os xornás de Madrid, defensores do «statu quo» caciquil, falan cheos de xenreira contra das propagandas de Cambó.

¡Por qué? Porque o «leader» do rexionalismo catalán di que o mais patriótico n'istes momentos seria a formación d'un Goberno nacional no que entrasen representantes de todol-os partidos, co ouxeto de facer unhas eleicións que soio eisi poderían sere sinceiras.

A isto, «El Imparcial» chámalle «o caos». ¡Craro! C'un Goberno de tal xeito, adeus gassetismo e demais ismos caciquís. Adeus partidos do turno. Adeus xefes, coma García Prieto que logo de dicir que teñen desexos de falar non ceiban mais que parvadas valeiras.

O tópico do día

FÁLASE moito de rexionalismo. Fálase d'afirmacións galegas. Din que a pintura e a música oxe en trunfo son os cimentos do noso rexurdir, os millores camiños pr'acusare a personalidade rexional.

Ô redor d'isto veñen facéndose artigos nos que a actualidade pode mais que o sentimento. E temos de sair ô camiño de tan sinxelos optimistas.

A pintura e a música axudan, ende ben, a asinalar a personalidade galega, sin dúbida a mais pronunciada d'España. Pro o que da a verdadeira personalidade, a base esencial de tod'o noso rexurdir, afínca no idioma nativo.

Por moito que adequiera releve a nosa

Á XUVENTUDE GALEGA

VOLVEU FALAR-O MESTRE

Acusando recibo do exemplar do folleto *O municipio galego* que adicou o seu autore ô honorabre estadista Sr. Maura, recibéuse a carta qu'á continuación publicamos, carta que ven á decirnos qu'está con nosco espiritualmente o señor Maura, único gobernante español que quixo e quer saneare a vida local, com'o demostrou con sabidencia por todos conocida.

Velaquí a carta qu'é pra nós unha raiola de sol, na que queremos bañar a nosa alma como nun magnífico alento.

Solórzano a 3 do Setembre do 1917.

Sr. D. Antón Valcárcel.

A Cruña.

Meu moi destinto Sr.: Recibín ô seu tempo o estudio de vostede, sobre de Municipio galego e doulle gracias o mesmo pol-a obra en sí, que pol-as verbes de benevolencia eistrema con que vostede se sirvén adicarma.

Toda a miña vida pública paseina chamando a atención dos españoles sobre da necesidade de rexenerarmos a vida local; é ben certo que a miña capital acción de gobernante, endereitouse á facer tal labor, qu'eu teño por primordial, si habemos de abranguer o rexurdimento definitivo de España; ningunha grandeza nacional pode atopare cimento sobre das autuaes miserias e desconcertos comunaes. Sin violenciús, mais con perseveranza, a xuventude galega débese capacitar pra cunprir isa grandeira obra.

Correspondendo ôs sentimentos que se sirve eispresarme queda de vostede afeutisimo s. s. q. l. b. e. m.

A. MAURA.

pintura, por moito que a nosa música chegue a impoñérese, mentras en Galicia non se fale o galego como en Cataluña se fala o catalán e en Portugal o portugués—e xa é sabido que o galego resulta mais práctico e mais vivo e extenso que o catalán—o rexionalismo integral, o verdadeiro rexionalismo, capaz d'erguer os pobos ás maiores outuras, non pasará de conceuto valeiro.

Moitos que non saben o que din, queren un «rexionalismo económico», somente. É de moda facerse homes prácticos. Outros queren un rexionalismo de *folk loore*: de cántigas, versos, traxes e pintura.

Iste segundo rexionalismo, sin outra cousa, xa vimos que non dou froito. O primeiro, o económico, xamás será tal rexionalismo, si non ten por cimento o espertar da conciencia colectiva nas âas do idioma da terra. Porque supoñede que chegan a emprendérense moitos negocios industriás en Galicia. Haberá enton riqueza illada; fauto-rías por eiquí e por acolá. Pro ¿unha verdadeira patria? ¿un pobo con unidade de pensamento e de sentimento? Isto non; isto soio poderá habelo cando nosa personalidade latexa de xeito forte e inconfundible, no idioma, usado a cotío por cantos se chamen galegos, con verdadeiro orgulo.

No idioma, soio no idioma atópase o segredo da unión dos nosos espíritos, do rexurdir da terra asoballada.

Corenta millós de pesetas ou mais ainda, apareceron na Cruña cando o famoso Empréstimo.

Pois siguen sin facérense os tranvías a Santiago e a Sada. Tanta riqueza amontada, e, que nosseipamos, nin un soio cadro da Eisposición de Arte Galego mercouse por capitalistas cruñeses.

¡Si se venderan marquesados ou condados en mil pesos! D'aquela xa veríades o parva que é a maioría da que agora chaman «xente ben». (Xente ben... burra).

Hai moitos—dixo Unamuno—que levan o corpo en automove e o espírito en carreta. ¡Pobres cursis!

Merecen a maldición que o payaso da «Alegria que pasa» de Rusiñol, lle dirixe ô pobo que se rí dos saltimbanquis: «Non cataredes xamás o arte: estades condenados á prosa eterna»

Ben o dixo o poeta:

O galego que non fala na lingua da sua terra, non sabe o que ten de seu nin merece vivir n'ela.

Música, pintura, mui ben; pro a «afirmación de Galicia» terá de facerse en galego ou non se fará endexamais.

Ter un idioma que fan as cinco sextas partes do noso pobo; ter un idioma que nos pon en comunicación con trinta millós d'almas—Portugal e as nacións d'orixe portugués—e non coidar que iste é un elemento do noso rexurdir, resulta a maior parvada.

A nova política ten de facerse galega, ou i-non non rerá nada.

E pol-o d'oxe, abonda.

SAUDO GARIMOSO

CAMBÓ EN GALICIA

D. Francisco Cambó pousou pol-a ves primeira na terra galega, na terra nosa que soio conecta á través dos versos da autora de «Follas novas», das conversas dos amigos e das impresiões dos xornás e os boletis.

Preto de nós, no noso ambiente—inda que as circunstancias non son boas pra facer estudos—púidose decatarse das realidades galegas. Aos seus ouvidos chegaron as confesiões dos espíritos enxebres e sinxelos que ven no rexionalismo a redención d'España.

Coidamos que non sexa estéril o viaxe á Galicia do ilustre «leader» da minoría parlamentaria rexionalista de Cataluña, da Cataluña «rica e prena», da gloriosa irmá maior, a queu oxe coma decote rendimoslle nosa admiración fervente.

¡Ben chegado á nosa terra o gran Cambó! ¡Seipa que en Galicia ten moitísimos correlixionarios entusiastas! ¡Seipa que as milleiras de leutores de A NOSA TERRA—rexionalistas de corazón espallados por pobos e aldeas—o mesmo que todal as «Irmandades da Fala» saúdanno con fondo agarimo ollando n'il un admirabre escultor da forte e arelada Iberia do porvir!

Pode tel-a seguridade de que en Galicia, na Galicia verdadeira—pois antre nós eistente unha falsa Galicia ou caciqua noventa froito do asoballante centralismo—, ten un afeuto tan fondo cal si fose na mesma terra súa, «archivo da corte-sía», da que falou Cervantes.

Querse dicire que eiquí non é un estrano, senon un irmán ilustre, a quen cun prenos recibir con berro ateigado d'amore:

¡VISCA CATALUNYA!

no—teñen dito que o *abogadismo* en unha doenza nacional.

O *abogadismo*, en España, é o que o caudillismo nas Américas latinas.

Todo español e abogado mentras il non amostre o contrario, coma todo americano é xeneral.

A política española é unha política abogadesca; pol-o mesmo, casuística, que camiña sempre pol-as veiras da realidade. Política retórica que pon a vida nas leises e xamáis o espírito sóbor das leises.

Difizlemente pódese rubir na nosa política sin sere abogado.

E vede agora. ¿Por qué escolleron os congresistas de que falamos a Donostia coma esceario das suas autuacións? Madrí verbigracia, sería máis céntrico. Pois escolleron Donostia, porque alí atópase centralizada a política no vran; porque alí atópanse coase todol-os políticos que son—naturalmente—abogados, e os grandes abogados... políticos. Grandes abogados porque son políticos influentes.

Que xa ten dito Galdós en «Realidad» que as cadeiras dos bós bufetes teñen d'estare quentadas por políticos.

E eiquí ouservaredes como sin decatárense son os mesmos abogados quenes ô facer un Congreso profesional, amostan inconscientemente que, a do *abogadismo* é a doenza nacional mais cativa.

Moitas cousas pidíronse n'ise Congreso, pro a dinidade da cráse na que debiera late-xar o espírito civil non tivo a mais pequena lembranza pr'â lei de xurisdicións.

O *abogadismo*: velaí o enemigo.



Cambó n'unhas decraracións, falando do Goberno de Dato, dixo que somellaba un aparato ortopédico.

E disimule Ossorio Gallardo.



Os fillos de Mondoñedo que viven na Arxentina veñen facendo colleita de cartos pra erguerlle un moimento lembrativo no

seu pobo ô gran poeta finado D. Manuel Leiras Pulpeiro.

¡Benia a iles!

O autore de «Cantares Gallegos» é merecente de todol-os homenaxes.

Pro ¿cando pénsase en imprentar suas obras compretas?



¿Contribuíu Compostela con mais de dez mil pesetas pr'ô moimento a Rosalía?

Pois...



Teñen mentes os veciños de Cambados, de faguerlle un homenaxe de lembranza ô fillo ilustre d'aquela vila, berce de Cabanillas e Asorey, Alfredo Brañas, un dos finados apóstoles do rexionalismo galego.

Será axiña.



O coro «Cántigas da terra» da Cruña, do que é dino presidente noso irmán o gran poeta Eladio Rodríguez González, ven facendo unha outa labor de galeguismo que loubamos con entusiasmo.

Onde atopa ocasión de espertar a enxebreza dos espíritos, alí autúa. E sempre amostrando seus progresos.

Si non sofre desalentos e vai a Cataluña como din que pensa ire, agardalle aló, na rexión irmá, un gran trunfo.

¡Adiante, bós galegos!



Dinnos:

¿Por qué os Exporadores, oxe de moda, non erguen a sua voz pra trocárense en apóstoles «antitaurinos.»

Ante os bos sentimentos que deben amañar no corazón d'aqueles rapaces ¿non atopa acollida a ideia de combatir ôs homes bárbaros que eispoñen sua vida martizoando feramente ôs animaes—touros e cabalos—e defender a ises mesmos animaes?

Sere exporador e amigo das corridas de touros, non s'abrangue.

Ningún com'os Exporadores ven cha-

mado a loitar contra da «festa nacional» inri d'España e vergonza d'Europa.»



Recibimos pol-o correo do interior unha cabeceira do *Ideal Gallego*, que trai ô pé manuscrita con letra que coidamos d'algún *doctor*, unha lección ortográfica.

Di eisí: «Debe ser latina a I do *Ideal*. Lección d'ortografía ô *ylustrysimo Garcya*. Latina é sempre que non s'antepón a unha vocal.»



O *Heraldo de Villalba* pra solenizare as festas d'aquela vila publicou un número extraordinario mui notabre.

N'ise número teñen releve unha poesía do ispirado poeta García Hermida e outra de Noriega Varela.

Ríndelle tamén un xusto homenaxe ô ilustre vilalbés finado Manuel Mato Vizoso, con motivo do descubrimento da lápeda que lle puxeron na casa onde naceu.



Moitos xornás de Madrí, e todol-os galegos veñen enchendo de loubas o libro de Ramón Cabanillas «Da Terra asoballada.»

O éisito obtido pol-o gran poeta cambadés, e dos maiores de que nos lembramos. O xenio sempre trunfa.



A NOSA TERRA cada ves obtén maior acollida. As tiradas do boletín agótanse. Non hai data na que non cheguen novas suscricións. E un consolo vere como os enxebres novos e vellos, espallados por Galicia, aléntannos con verbes cheos d'entusiasmo.

Dicímol-o ategados de ledicia. A semente non se perde. Faremos boa colleita.



Foi posto en libertade noso irmán don Constantino Pazos.

Moito nos alegamos da nova.

LIT. E IMP. ROEL.-CORUÑA.

Faise cárrago de toda cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

A Papeleira Galega

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL
DE TODAS CRAS
FOTOGABADO

BARRERA, 7

A CRUÑA

Teléf. 434

NOVO LIBRO

Da Terra

asoballada

POESÍAS

DE

Ramón Cabanillas



De venda en total-as librerías e na administración d'*A Nosa Terra*.

Prezo: 1'50 ptas.

FRÁBICA MECÁNICA

::: DE CALZADO :::

— DE —

ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)**MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

ANÍS DOUS MONOS**RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

Automovilistas:

As mais fortes, milliores e mais económicas cubertas, son as

PALMER

Depósito xeneral en Galicia.

Real, 20 -- A Cruña

BALDOMIR

Pòrase axiña a venda unha nova colección de melodías inspiradas en poesías de Rosalía, Curros, Cabanillas e Rey Soto.

LABREGOS:

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles pro **SULFATO DE COBRE** ductos, empregade o Pedide prezos e condiciós ós

Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas

DE

Romero Hermanos

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92, e Canalejas, 77

FERROL**H. LA PALOMA**

— DE —

Ramón Morandeira

Este espréndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos milliores da sua cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

LEUTORES:

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastaría de

Xosé Varela

CIRCO, 16-BAIXO - VIGO

FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL

—><—

Espellos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total-as cras.

Baldosas pra pisos.

Narciso F. Pereira

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

A CRUÑA**Farmacia da Silva**

PATENTES NAZONALES I-ESTRANXEIRAS

SURTIDO COMPRETO

Silva -- A Cruña

Os esquisitos VIÑOS do

VALLE DE MONTERREY - Ourense

véndense na rúa da Franxa, 41

Probádeo, os que gustedes d'un bon viño de mesa.


NAZONALISMO GALLEGO

A NOSA AFIRMACION REXIONAL

(2.ª EDICION)

Libriño ben impreatado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos. — Os pedidos faránse ó autore, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

LINEA DE HABANA E VERACRUS

Prezo en terceira â Habana	Ptas. 293'60
» » Veracruz.	» 313'60

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

D. Nicandro Fariña

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Que lan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.